

ORDE DO 29 DE SETEMBRO DE 1994, SOBRE COMUNICACIÓN DOS PREZOS FIXADOS POLOS ALOXAMENTOS TURÍSTICOS Á ADMINISTRACIÓN TURÍSTICA GALEGA

DOG nº 198, do 13 de outubro

Desde 1978 os aloxamentos turísticos poden fixa-los prezos sen máis obriga que a de notificalos á Administración turística, non podendo alteralos durante o transcurso do ano da súa vixencia.

Na actualidade, este sistema ocasionales importantes prexuízos ós titulares destes establecementos, os cales, fronte á evolución dos mercados turísticos e dos índices de prezos ó consumo, non poden altera-los prezos de seus servizos.

Por iso, faise necesario flexibiliza-lo citado sistema de comunicación de prezos, para posibilita-la súa adaptación ás necesidades do mercado. Ó mesmo tempo é preciso regula-la publicidade dos prezos para garanti-los dereitos dos consumidores a coñecer, en todo momento, os prezos dos servizos turísticos que contrata.

Polo anterior, e de conformidade co Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que establece no seu artigo 27.21º a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial, e en virtude do establecido na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Tódolos aloxamentos turísticos, calquera que sexa a súa clase e categoría, poderán fixar e modifica-los seus prezos ó longo do ano, sen máis obriga que a de notificalos á Administración turística e selalos nesta, ou nas asociacións empresariais do sector turístico debidamente autorizadas.¹

Artigo 2º

Os aloxamentos turísticos que pretendan modifica-los seus precios no transcurso do ano deberán sinalar nos cuestionarios das declaracións de prezos anuais que lles facilitará a Administración a súa condición de prezos orientativos, e así se publicará na guía oficial de aloxamentos ou noutras publicacións.

Artigo 3º

Non obstante, os aloxamentos turísticos tamén poderán establecer nas correspondentes declaracións que os seus prezos non se van alterar ó longo do ano, e que van permanecer fixos. Neste caso, na guía oficial de aloxamentos ou noutras publicacións farase consta-la súa condición de prezos fixos, e a Administración turística non admitirá ningunha modificación destes durante ese período.

Artigo 4º

En tódolos casos, o cliente deberá ser informado, antes da súa admisión, do prezo que lle será aplicado, entregándosele para tal efecto una folla na que constará o nome e categoría do establecemento, número e prezo da habitación que lle será asignada e datas de entrada e saída. Esta folla, asinada polo cliente, terá valor probatorio para efectos administrativos.

¹ Ver artigo 26 da Lei 9/1997, do 21 de agosto (I.2), e Orde do 27 de maio de 1993 (III.1).

Artigo 5º

A notificación e selado de prezos realizarase de conformidade co establecido na Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 27 de maio de 1993, pola que se regula o selado de prezos en establecementos turísticos.²

Artigo 6º

Os prezos de tódolos servicios daráselles a máxima publicidade, debendo consta-los referentes a aloxamento, pensión alimenticia e outros servicios nun cartel, modelo oficial, redactado e selado polos correspondentes Servicios Provinciais de Turismo³ ou polas asociacións empresariais autorizadas. Este cartel deberá fixarse nun lugar de fácil localización e lectura polo público, na recepción do establecemento.

Artigo 7º

Os prezos vixentes nos aloxamentos turísticos serán os correspondentes á última comunicación selada pola Administración turística ou polas asociacións empresariais autorizadas para realiza-lo selado.

Artigo 8º

A percepción de prezos distintos ós contidos na última declaración selada, dará lugar á correspondente responsabilidade administrativa, que se fará efectiva de conformidade co establecido na Lei 6/1992, do 26 de xuño, de disciplina turística.⁴

Artigo 9º

A falta de notificación anual de prezos á Administración turística no prazo por esta fixado, entenderase como de continuidade, a tódolos efectos, dos prezos contidos na última notificación selada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os prezos de tódolos aloxamentos correspondentes ó ano 1995 figurarán na guía de aloxamentos turísticos de Galicia dese ano como prezos orientativos, debido a que en la fecha de publicación da presente Orde xa se efectuaron tódalas declaracións de prezos, as cales non distinguen se son orientativos o fixos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.- Facultase ó secretario xeral para o Turismo⁵ para dicta-las resolucións oportunas, en aplicación e desenvolvemento desta disposición.

Segunda.- A presente Orde entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

² Ver (III.1).

³ Actualmente Servicios de Turismo das Delegacións Provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro (IV.1).

⁴ Derrogada por Lei 9/1997, do 21 de agosto, de Ordenación e Promoción do Turismo en Galicia (I.2) actualmente vixente.

⁵ Actualmente, Dirección Xeral de Turismo. Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro (IV.1).